B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, atributos e ámbito de influencia.	CCEC CD,CC L	S	Explicación das divindades greco-romanas Cadros de equivalencia de divindades	Exercicios de relacionar Exercicios de identificación	Avaliación común
B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.	CD,CC EC,C MCCT	S	Elaboración de esquemas. Comentario de obras actuais 2 horas	Observación	Avaliación común
B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.	CCEC, CMCC T,CD	S	Comentario de diapositivas Elaboración de esquemas 6 horas	Observación Posta en común	Rexistro
B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da	CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas	CCEC, CMCC	S	Comentario de diapositivas Elaboración de esquemas	Observación Posta en común	Rexistro

Antigüidade e identificar a súa temática.	motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	T,CD		2 horas		
B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CSC,C MCCT .CD,C CEC	S S	Comentario de imáxenes Elaboración de esquemas 2 horas	Observación	Rexistro Avaliación común
B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	CAA,C D,CCE C,CM CCT	S S	Comentario de imáxenes de monumentos romanos. Elaboración de proxectos de visitas culturais 2 horas	Observación Posta en común	Rexistro Avaliación común
B5.2. Coñecer as características das clases sociais en Grecia e Roma	CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.	CSIEE, S CSC,C CL	S	Elaborar unha composición escrita que trate sobre a cidade e o individuo.	Posta en común	Rexistro
B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.	CSC,C CL	S	Exposición e defensa oral das cuetións prantexadas 3 horas	Posta en común	Rexistro Táboa valorativa
B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma..	CD,CA A,CSC .CMC CT,CC L	S	Exercicios de identificación de modelos de vivenda Exercicios de identificación de espazos na vivenda 2 horas	Posta en común	Táboa valorativa
B5.5. Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.	CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, a súa finalidade, rixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.	CSIEE, N N CAA,C SC,CC L				
B5.6. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.	CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.	CD,CA A,CSC .CCL	S S	Exposición de traballos 2 horas	Posta en común	Táboa valorativa
B6.1. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.	CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.	CD,CC EC,CC L	S S	Comentario de imáxenes Elaboración de traballos 3 horas	observación Posta en común	Rexistro Táboa valorativa
B6.2. Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.	CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.	CAA,C N N CEC,C CL				
B6.3. Recoñecer a presenza de elementos dos	CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos	CD,C MCCT	S S	Comparación de sistemas de escritura	Observación	Avaliación común

alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.	,CCEC .CCL		Escritura alfabética grega en pauta caligráfica 2 horas		
B6.4. Coñecer a orixe común das linguas indoeuropeas.	CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	CMCC T,CD, CSC	N S	Elaboración de mapa 2 horas	Proba escrita	Avaliación común
B6.5. Identificar as linguas europeas romances e non romances, e localizalas nun mapa.	CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC,C D,CCL, .CCA	N S	Cadros organización de linguas romance Mapa de linguas romance 1 h.	Posta en común Exercicios de parellas Proba escrita	Rexistro Avaliación común
B6.6. Identificar a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	CCL,C CA	S S	Elaboración de traballos de léxico 6 horas Táboas de formantes 1 hora	Posta en común Proba escrita	Táboa valorativa Avaliación común
B6.7. Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais.	CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actua	CCA,C CL,CD	N S	Definición e clasificación do léxico 1 hora Comentario de locucións latinas 1 hora Elaboración de traballos 4 horas	Exercicios de asociación Posta en común	Rexistro rexistroTáboa valorativa
B6.8. Facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL,C CA	S S	Explicación das principais regras de evolución 2 horas	Exercicios de evolución	
B6.9. Coñecer e utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.	CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.	CCL,C CA	N S	Cadros de familias léxicas 1 hora	Exercicios de asociar Definicións Proba escrita	Rexistro Avaliación común
B6.10. Constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	CCL,C CA	N N			
B6.11. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	CCEC, CCL,C CA	S S	Comentario de textos seleccionados 2 horas	Exercicios de comentario literario Proba escrita	Rexistro Avaliación común
B6.12. Coñecer os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	CCEC, CCL	S S	Exposición de biografías de personaxes 3 horas	Posta en común	Táboa valorativa

ÍNDICE DE CONTIDOS POR MATERIAS**GREGO 1****1ª AVALIACIÓN****TEMA 1. O MARCO XEOGRÁFICO. ETAPAS DA HISTORIA DE GRECIA**

- Grecia: o medio
- Períodos minoico e micénico
- Época escura e arcaica
- Época clásica
- Helenismo
- Actividades

TEMA 2. LINGUA GREGA

- Historia da lingua grega
- Grego común ou koiné
- Do grego medieval ao grego moderno
- O grego como lingua de cultura
- A sociedade grega (1)

TEMA 3. O ALFABETO GREGO. NOCIÓNS XERAIS DE MORFOLOXÍA E SINTAXE.

- Orixen do alfabeto grego. Grafía e pronunciación
- Signos de puntuación. Espíritus e acentos. Outros signos ortográficos
- A sociedade grega(2). A situación da muller. Escravitude.
- Concepto de flexión. Palabras flexivas e non flexivas. Elementos da palabra.
- Flexión nominal. Caso, xénero e número.
- Flexión verbal. Categorias. Diferenciación dos modos
- Transcrición.
- Actividades
- Sociedade grega (3). Formas políticas. Monarquía. Aristocracia. Democracia.
- A sociedade ateniense e a sociedade espartana.

TEMA 4. TEMAS EN -ο-. A ORACIÓN SIMPLE

- Declinación temática
- Declinación do artigo
- Presente de indicativo dos verbos temáticos e verbo copulativo.
- A oración simple
- Partículas
- Valores sintácticos dos casos
- Derivación (1) Sufixos
- Etimoloxía. Termos médicos
- As festas cívicas en Grecia. Festividades panhelénicas

TEMA 5. TEMAS EN -α-

- Declinación dos temas en -α
- Pretérito Imperfecto dos verbos temáticos e copulativo
- O aumento
- Valores sintácticos do xenitivo
- Derivación (2) Sufixos -ια , *τήριον*, *τέος*
- Etimoloxía. Léxico zoolóxico
- Relixión
- Mitos e ritos
- Deuses Olímpicos. Zeus. hera. Posidón
- Actividades

TEMA 6. FLEXIÓN ATEMÁTICA (1)

- Xeneralidades
- Temas en oclusiva
- Temas en -nt
- Preposicións
- Voz Media. Presente e Imperfecto
- Tema de futuro

- Funcións do dativo
- Composición (1)
- Etimoloxía. Léxico da botánica
- Mundo grego. Deuses Olímpicos 2
- Hesíodo. Teogonía
- Actividades

2ª AVALIACIÓN

TEMA 7. FLEXIÓN ATEMÁTICA (2). INFINITIVO

- Temas en nasal.
- Formas nominais. Infinitivo
- Preposición (2). *διά, κατά, μετα*.
- Composición (2)
- Etimoloxías. Vocabulario técnico. *α-* , *αν-*
- Mundo grego. Heroes. Deuses menores
- Actividades

TEMA 8. FLEXIÓN ATEMÁTICA (3). AORISTO

- Temas en –s
- Temas en –i
- Temas en ditongo
- Substantivos irregulares
- Aoristo sigmático
- Adverbios.
- Etimoloxía. Léxico da xeografía e astronomía.
- Mundo grego. A Aparición da filosofía. Primeiros filósofos.
- Actividades

TEMA 9. MODOS

- Modos: Imperativo. Subxuntivo. Optativo
- Etimoloxía. Léxico da política
- Actividades

TEMA 10. O ADXECTIVO. ORACIÓNS SUBSTANTIVAS. FILOSOFÍA E POLIS.

- Os adxectivos
- Recapitulación do tema de presente
- Oracións simples e compostas
- Oracións substantivas
- Etimoloxía.
- Mundo grego. Filosofía e polis.
- Platón
- Actividades

3ª AVALIACIÓN

TEMA 11. GRAOS DE COMPARACIÓN DO ADXECTIVO. VERBOS CONTRACTOS.

PARTICIPIO

- Construción do comparativo e superlativo
- Presente de verbos contractos
- Participio.
- Etimoloxía. Léxico da música.
- Mundo grego. Aristóteles. O comenzo das ciencias.
- Actividades

TEMA 12. PRONOME RELATIVO. ORACIÓNS DE RELATIVO. VERBOS ATEMÁTICOS (1)

- Pronomes relativos
- Presente atemático
- Oración de relativo
- Etimoloxía. O corpo. Seres fabulosos
- Mundo grego. Significación da arte. Arte arcaica.

TEMA 13. PRONOMES DEMOSTRATIVOS. VERBO ATEMÁTICO (2). ORACIÓNS CIRCUNSTANCIAS

- Os pronomes demostrativos. Anafórico *αὐτός*
- Presente do verbo atemático(2)
- Oracións subordinada adverbiais

- Etimoloxía. O deporte
- Mundogrego. Arte clásica

TEMA 14. PRONOMES INTERROGATIVOS E POSESIVOS.

- Os pronomes interrogativos
- Os pronomes indefinidos
- Oración interrogativa.
- Etimoloxía.
- Mundo grego. A arte helenística

TEMA 15. PRONOMES PERSOAIS E POSESIVOS. A ORACIÓN ADVERBIAL (2)

- Os pronomes persoais
- Os pronomes posesivos.
- Subordinadas adverbiais
- Etimoloxía. Léxico dos sentidos
- Mundo grego. As conquistas de Alexandre Magno
- Actividades

ÍNDICE DE CONTIDOS POR MATERIAS

GREGO 2

BLOQUE 1. A LINGUA GREGA

TEMA 1. REPASO GRAMATICAL DE 1º DE BACHARELATO

- Flexión nominal. Declinacións do artigo, substantivos, adxectivos e pronomes.
- Flexión verbal: verbos temáticos en voz Activa e voz Media.
- Verbos contractos en voz Activa e voz Media
- Graos do adxectivo
- Actividades

TEMA 2. CONTIDOS NOVOS DE 2º DE BACHARELATO

- Construcións de Participio.
- Aoristos radicais temáticos (Aoristo 2º)
- Voz Pasiva.
- Tipos de oración e construcións sintácticas. Sintaxe das oracións compostas
- Actividades

TEMA 3

- Tipos de oración e construcións sintácticas: Formas de subordinación
- Modos Subxuntivo e Optativo
- Wj
- Oti
- Actividades
- Resumo dos contidos novos de 2º. Cadros e esquemas.

BLOQUE 2. LITERATURA

TEMA 1. A LITERATURA GREGA

- Contexto histórico da creación literaria. Eixo Cronolóxico da Historia de Grecia.
- Esquema dos xéneros literarios.
- Mapa dos escritores máis importantes

TEMA 2. A ÉPICA.

- Características
- A épica homérica
- Hesíodo
- Selección de textos. Lectura obrigatoria: Ilíada, Cantos I, VI, XVI, XXII

TEMA 3. POESÍA LÍRICA

- Características e tipos de poesía lírica
- A poesía de Safo e Alceo. Arquíloco
- Antoloxía de textos: fragmentos de Safo, Alceo e Arquíloco.

TEMA 4. TEATRO. TRAXEDIA

- Características
- Sófocles. Lectura obrigatoria: Edipo Rei.

TEMA 5. TEATRO. COMEDIA

- Características
- Aristófanes. Lectura obrigatoria: Asembleístas ou Asemblea de mulleres.

BLOQUE 3. OS TEXTOS E A SÚA INTERPRETACIÓN

1. Perfeccionar as técnicas e a práctica da labor de tradución.
2. Uso correcto do dicionario.
3. Contexto social, cultural e histórico do texto.

BLOQUE 4. LÉXICO

1. Identificación e comprensión de formantes léxicos.
2. Helenismos no léxico especializado
3. Dicionario etimolóxico grego / galego-castelán.

ÍNDICE DE CONTIDOS POR MATERIAS**CULTURA CLÁSICA 3º ESO****1ª AVALIACIÓN****TEMA 1. A HERDANZA DE GRECIA E ROMA**

- O legado clásico.
- A herdanza dos gregos
- A herdanza dos romanos
- De Grecia e Roma aos nosos días
- O legado mítico. A creación do universo según os gregos.
- Deuses Olímpicos
- Ciclos heroicos
 - Ciclo troiano
 - Ciclo dos Argonautas
 - Os doce traballos de Heracles
- Criaturas mitolóxicas
- Actividades

TEMA 2. GRECIA

- O territorio
- Civilización minoica
- Civilización micénica
- Períodos históricos. Época Arcaica
- Períodos históricos. Época Clásica
- Períodos históricos. Época Helenística
- Actividades

TEMA 3. POLÍTICA E SOCIEDADE

- Sistemas de goberno en Grecia
- A vida na polis. O goberno en Esparta. O goberno en Atenas
- A situación da muller
- Cidadáns e escravos
- Actividades

TEMA 4. A VIDA COTIÁ NA ANTIGA GRECIA

- Espazos públicos
- Cotumes sociais. Symposion. Gymnasion e saúde pública.
- Vida privada. A boda. Nacemento e educación dos fillos.
- Festas cidadás.
 - Competicións teatrais
 - Xogos atléticos
- Actividades

2ª AVALIACIÓN**TEMA 5. ROMA**

- As orixes de Roma e os pobos de Italia
- Monarquía
- República
- Da República ao Imperio. As guerras civís
- Octavio Augusto o primeiro emperador
- O Imperio. Dinastías imperiais
- O cristianismo e a fin do Imperio
- Actividades

TEMA 6. SOCIEDADE ROMANA E INSTITUCIÓNS POLÍTICAS

- Clases sociais
- Institucións políticas
- Composición do exército
- Organización territorial e Urbanismo
- Infraestructuras e economía

TEMA 7. VIDA COTIÁ EN ROMA

- *O pater familias*
- Situación da muller romana. Matrimonio e boda
- Nacemento e educación dos fillos
- A organización do tempo. O Calendario
- Tiposo de vivenda en Roma
- Ocio e espectáculos
- Actividades

3ª AVALIACIÓN

TEMA 8. AS RAÍCES DAS NOSAS LINGUAS

- Orixen do latín e o grego
- Alfabeto grego
- A presenza da lingua grega nas nosas linguas
- Lingua latina
- A incorporación do léxico latino. Palabras patrimoniais. Cultismos. Dobletes. Latinismos
- Actividades

TEMA 9. A ARTE

- Arquitectura grega. O templo
- Arquitectura romana.
- Escultura grega
- Cerámica, pintura e mosaico
- Actividades

OBSERVACIÓN

A distribución dos temas por Avaliación pode ter algún cambio en función do rendemento propio do grupo.

METODOLOXÍA

- **Coñecer previamente** o interese do alumnado e o nivel que teñen.
- **Presentación aos alumnos do plan de traballo:** Información do contido da asignatura e criterios de Avaliación. Información en cada unidade do plan de traballo concreto.
- **Variedade de actividades e recursos:** intercambios orais, análise da produción oral e escrita, análise da asimilación dos contidos, probas obxectivas.
- **Observar o uso da lingua,** tanto na expresión oral como escrita, para que sexa o máis correcto posible podendo penalizarse as faltas de ortografía.
- **Atención á diversidade** a través da observación do traballo individual.
- **Carácter gradual da aprendizaxe :** ordenación da materia e actividades do máis sinxelo ao mais complexo e difícil.
- **Motivación do alumnado:** incrementar mecanismos de interacción na aula e procedementos para potenciar a reflexión e o espírito crítico.
Para manter a atención do alumnado durante a clase poderánse formular preguntas breves sobre o explicado o mesmo día ou en días anteriores, que esté relacionado co que se expón en ese momento. As respostas poden ser cualificadas ou non, pero servirán para aportar elementos de xuízo de na avaliación continua.
- **Favorecemento da interdisciplinabilidade.**
- **Asistencia a clase.** As faltas continuadas de asistencia darán lugar á perda do dereito de avaliación continua. As faltas de asistencia inxustificadas restarán ata 1 punto na nota final da avaliación. As faltas de asistencia sen xustificar son motivo de perda do dereito á avaliación continua, unha vez que se dan os requirimentos previstos no Réxime Interno do Centro ou na normativa vixente, no seu defecto. O alumnado que teña esta situación será avaliado con unha proba escrita na convocatoria de Ordinaria.
- **Alumnos con perda do dereito a avaliación continua**
As faltas de asistencia sen xustificar son motivo de perda do dereito á avaliación continua, unha vez que se dan os requirimentos previstos no Réxime Interno do Centro. O alumnado que teña esta situación será avaliado con unha proba escrita na convocatoria Ordinaria.

8 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN CON CARÁCTER XERAL

- Asistencia regular a clase.
- Puntualidade na asistencia a clase.
- Actitude positiva por parte do alumno: interese, participación, corrección etc.
- Traer de forma habitual o material de clase (libro de texto, fichas, cadernoetc.)
- Realización de forma habitual dos exercicios encargados.
- Entrega de traballos e/ou exercicios dentro do prazo indicado. Non se admitirá a entrega fóra de dito prazo.
- A observación directa na aula, o diario de clase ou as anotacións na ficha do alumnado serán instrumentos válidos para cualificar a actitude.
- Copiar en un examen considérase unha falta de respecto á labor pedagóxica, aos compañeiros de clase e á competencia básica de principio de igualdade. Conlevará a avaliación negativa na Avaliación correspondente e realizaráse unha segunda proba ao comenzo da Avaliación seguinte.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE GREGO 1

Criterios de Cualificación en Grego 1º de Bacharelato		
Logros na consecución dos estándares de aprendizaxe. Probas escritas	80%	1ª 2ª e 3ª aval.
Traballos individuais. En caso de non realizarse ningún traballo, esta porcentaxe de cualificación pasaría ao apartado anterior	20%	1ª, 2ª e/ou 3ª aval.
Actitude e convivencia : Ata o 100%		
<p>Unha cualificación positiva obtida na materia pode convertirse en negativa por razóns de faltas graves de comportamento ou faltas de respecto á labor pedagóxica e ás persoas que forman o entorno educativo do alumnado.</p>		

Observacións 1º Bacharelato

- O grao de consecución dos estándares de aprendizaxe supoñen a avaliación positiva da materia nas avaliacións trimestrais e final.
- Esta avaliación poderá ser negativa por razóns de falta de comportamento do alumnado ou faltas de respecto á labor pedagóxica e ás persoas que forman o entorno educativo do alumnado.
 - Copiar en un examen considérase unha falta de respecto á labor pedagóxica, aos compañeiros de clase e á competencia básica de principio de igualdade. Conlevará a avaliación negativa na Avaliación correspondente se realizaráse o examen ao comenzo da seguinte avaliación.
- Realizaránse varias probas escritas en cada Avaliación para facilitar a adquisición de competencias na materia
- A avaliación final de 1º curso de bachillerato constará de catro apartados:
 - Tradución e análise de textos gregos adaptados
 - Teoría gramatical
 - Léxico e etimoloxía
 - Cultura e civilización

Para superala compre demostrar un nivel xeral aceptable en cada unha destas tres partes.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE GREGO 2

Criterios de Cualificación en Grego 2º de Bacharelato		
Tradución de un texto de Platón ou Xenofonte	70%	1ª, 2ª, 3ª aval.
Responder cuestións de a) Morfoloxía b) Análise sintáctica c) Obra e autor do texto traducido d) Etimoloxía	20%	1ª, 2ª, 3ª aval.
Responder cuestións de literatura grega e lecturas das obras seleccionadas: a) Homero. Selección de Cantos de Ilíada b) Poesía: Safo. Alceo. Arquíloco c) Traxedia: Edipo Rei d) Comedia: As asmeleístas	10%	1ª, 2ª, 3ª aval.
Actitude e convivencia Unha cualificación positiva obtida na materia pode converterse en negativa por razóns de faltas graves de comportamento ou faltas de respecto á labor pedagóxica e ás persoas que forman o entorno educativo do alumnado.	Ata o 100%	1ª, 2ª e 3ª aval

Observacións: Grego II

- Copiar en un examen considérase unha falta de respecto á labor pedagóxica, aos compañeiros de clase e á competencia básica de principio de igualdade. Conlevará a cualificación negativa na Avaliación correspondente e realizaráse unha segunda proba ao comenzo da Avaliación seguinte..

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA. 3º ESO

Criterios de Cualificación en Cultura Clásica 3º e 4º ESO		
Logros na consecución dos estándares de aprendizaxe. Probas escritas. A cualificación estará matizada con criterios com ortografía, expresión escrita e presentación	70 %	1ª 2ª e 3ª aval.
Traballos individuais ou de grupo. En caso de non realizarse ningún traballo, esta porcentaxe de cualificación pasaría ao apartado anterior.	20 %	1ª, 2ª e/ou 3ª aval.
Actividades de aula, preguntas de clase, caderno, actitudes (positiva, negativa ou pasiva) e convivencia na aula.	10 %	1ª, 2ª e 3ª aval
Excepcionalmente, unha cualificación positiva obtida na materia pode converterse en negativa por razóns de faltas graves de comportamento ou faltas de respecto á labor pedagóxica e ás persoas que forman o entorno educativo do alumnado	Ata o 100%	1ª, 2ª e 3ª aval

OBSERVACIÓNS XERAIS PARA TODOS OS NIVEIS

➤ As faltas de comportamento do alumnado serán informadas por escrito á Dirección do Centro. Poden conlevar a avaliación negativa no trimestre en función da gravidade da falta.

9

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Ao comenzo do curso plantexanse na clase determinadas cuestións instrumentais destinadas a coñecer mellor as expectativas de cada un e observar o nivel que presenta en competencias de aprendizaxe. Os aspectos que queremos observar son de carácter xenérico, tal como:

- Intereses en relación coa materia e perspectivas de estudos no futuro.
- Coñecementos e interese por aspectos históricos.
- Grao de competencia na expresión oral
- Grao de competencia na expresión escrita.
- Capacidade de organización e xestión da información
- Interese pola lectura.
- Hábitos de estudio e dispoñibilidade de tempo e espazos de estudio.

A valoración de todos estes aspectos pode facerse aplicando diversos instrumentos, tal como .

- Actividades de posta en común
- cuestionarios
- Observación e Rexistro
- Táboas valorativas

10

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas tendentes a resolver carencias e atender á diversidade nun mesmo nivel educativo:

1. Ademais do uso do libro de texto, si se dá o caso, uso de material accesible e adecuado.
2. Utilización de material audiovisual e das TIC como apoio ás explicacións.
3. Exposición sinxela e clara dos contidos.
4. Uso de cadros resumen.
5. Actividades que impliquen a reflexión e a interrelación de aspectos da materia de forma sinxela e motivadora
7. Probas escritas con preguntas de distinto tipo e opcionalidade entre estas , para mellor adaptarse ás cualidades de cada alumno ou alumna.
6. Posibilidade de realización de probas ou exercicios específicos como apoio en caso de darse deficiencias na comprensión e aprendizaxe
7. Exercicios de reforzo ou de ampliación en alumnado que persente un nivel de comprensión maior ao da media da clase.

10

EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Definidos por lei os contidos transversais como unha serie de capacidades que pretenden lograr unha sociedade baseada nunha convivencia sólida, nun medio ambiente equilibrado e na igualdade de dereitos e deberes das persoas, pretendese abordar estes temas para proporcionar unha escala de valores solidarios.

Así, para a **educación para a convivencia**, a civilización grega ofrece condutas exemplares de algúns dos personaxes máis representativos do espírito clásico, coa transmisión dos valores e a súa pervivencia no mundo actual: Sócrates e Aristóteles, entre outros, ofrecen claros exemplos.

A **educación para a saúde** pódese orientar a partir do coñecemento do gusto por prácticas saudables como a hixiene ou o deporte, tan valorados entre os gregos , ou os progresos no estudo da medicina (Hipócrates).

Respecto á **educación para a paz**, o coñecemento de determinadas circunstancias históricas de Grecia proporcionará unha visión sobre a busca da liberdade e a paz como unha consecuencia do respecto á xustiza e á lei no marco da propia liberdade: os períodos tiránicos da Grecia antiga, a incipiente democracia ...

Para a **educación ambiental** o estudo da organización urbanística e a concepción social do espazo: o quinteiro, a casa, etc. pode ser un bo motor para adentrarse nos contidos dunha educación ambiental que non se refira unicamente ao ámbito da natureza.

Finalmente, temas como a **educación para a igualdade** poden ser estudados baixo o soporte de seccións tan relevantes como as relacións familiares e o papel da muller. Estes modelos de contraexemplo para os comportamentos non desexables en calquera sociedade libre.

Plan de Convivencia

Dar a coñecer e velar polo cumprimento do plan de convivencia elaborado no Centro con vixencia no curso actual..

11 ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Uso de presentacións na clase.
- Elaboración de traballos en formato dixital.
- Utilización da web como fonte de información e recurso de apoio do mundo clásico.
- Coñecemento de blogs de tema clásico nos que participen alumnos de distintas comunidades autónomas.
- Elaboración de material didáctico dixital.

13 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Aplicar as actuacións previstas no Proxecto Lector do Centro que se relacionen co curriculum das materias do Departamento e aportar a dito Proxecto o programa lector específico que se leve a cabo en cada grupo.

14 ACTIVIDADES DE REFORZO E ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNADO CON ASIGNATURA PENDENTE

As actividades de recuperación só teñen sentido como estímulo para superar as dificultades, por tanto, é **indispensable** que o alumnado que non logre os obxectivos, poña da súa parte empeño e interese na recuperación tanto da cualificación como da aprendizaxe.

Así pois, a decisión de levar a cabo tarefas ou probas de recuperación corresponderá á profesora, según criterio docente apropiado.

A recuperación dos contidos a través de probas obxectivas terá lugar en Xuño, con un examen oficial sobre o que se informará previamente.

Sen perxuízo do anterior, poderánse articular medidas de recuperación durante o curso con probas escritas e presentación de traballos no trimestre seguinte ao da avaliación negativa .

Alumnos de 2º de Bacharelato con *Grego I* pendiente de 1º

Os alumnos de 2º de Bachillerato con *Grego I* pendiente terán un seguemento contínuo da recuperación da súa aprendizaxe. O Departamento daralle materiais adecuados para facer o repaso da materia pendente. O feito de que este alumnado siga cursando a materia de *Grego II* facilita amplamente esa observación directa e tamén a comunicación do alumno e profesora.

Ao estar matriculados en Grego 2, si aproban primeira avaliación con unha cualificación igual ou superior a 6 ou, si non o consiguen, si aproban a segunda avaliación, terán recuperada a materia de primeiro, dado o carácter acumulativo de esta.

Si non superan a segunda avaliación, terán un examen de pendentes despois de esta e antes da data de Avaliación de Pendentes establecida polo Centro. De non alcanzaren un resultado positivo, terían a posibilidade de un examen extraordinario no mes de Setembro.

A estrutura da proba con flexibilidade será a seguinte: análise sintáctica e tradución de un texto ou unhas oracións independentes (4 puntos), pediráse análise morfosintáctica (4 puntos), unhas cuestións sobre léxico (1 puntos) e preguntas sobre cultura (1 punto).

14 MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

ESO 3º

-**Caderno de clase**

- **Material elaborado para facilitar a aprendizaxe**

-**Material audiovisual.**

-**Material específico de apoio e recuperación cando se requira.**

- **Libros de texto:**

- **Cultura Clásica 3º ESO** . Cultura Clásica. Ed.. SM. Madrid, 2016
- **Grego 1:** Griego. Editorial Santillana . **Madrid, 2015**
- **Grego 2:** sin libro de texto

15 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Os alumnos de ESO, preferentemente, participarán no concurso de Cultura Clásica “**Odisea 2016**” que convoca cada ano a sección de Filoloxía Clásica da Universidade de Santiago de Compostela. Ten cobertura nacional e unha excelente aceptación no ensino das linguas clásicas.
Participarán en gupo de un máximo de 3 alumnos, e será a segunda convocatoria á que asiste o noso centro.
- Participación na **2ª Olimpíada de tradución de textos gregos e latinos**, na modalidade de grego. Esta actividade será para o nivel de grego 2 . Resulta un acicate para o alumnado que participa e da unha excelente preparación para a proba de Selectividade.
- Representacións dramáticas de obras gregas e, no seu caso, latinas, según oferta e posibilidades.
- Proxeccións na aula de documentais educativos e similares.
- Actividades de recuperación, reforzo ou profundización cando sexa preciso.
- Uso de xogos educativos para a etimoloxía e cultura e civilización.

17 PROCEDEMENTO E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OBOXECTIVOS DE ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO

Reflectirase nunha táboa os indicadores e a correspondente escala de valoración do grao de consecución das competencias básicas e tamén dos obxectivos de etapa por parte do alumnado.

As materias de Cultura Clásica e Grego contribuen á adquisición das competencias clave desta maneira:

Competencia		Instrumentos e logros
Competencia en comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> • Desde tódolos contidos da materia e especialmente: <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario - Formación de palabras. - Etimoloxías grecolatinas. - Fraseoloxía. - Latinismos e Helenismos 	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura comprensiva de textos diversos. - Expresión oral e escrita - Ampliación do vocabulario básico. - Aprender a comentar textos históricos. - Interese pola lectura.
Competencia matemática	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de escalas numéricas, gráficas e sistemas de referencia. • Criterios de medición e codificación numérica . 	<ul style="list-style-type: none"> - Realización eixos cronolóxicos. - Análise dos datos obtidos. - Comprensión e uso do sistema de numeración romana.
Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico	<ul style="list-style-type: none"> • O marco xeográfico de Grecia e Roma. • O marco histórico de Grecia e Roma: localización e extensión. • Localización xeográfica de diversos aspectos relacionados co mundo clásico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do espazo físico das culturas grega e romana. - Localización e interpretación dos espazos xeográficos. Organización do territorio. - A interacción do individuo co medio: Protección e coidado do medio ambiente.
Tratamento da información. Competencia dixital.	<ul style="list-style-type: none"> • Búsqueda, selección e análise de información. • Utilización de TICs, especialmente dos buscadores xeneralistas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de síntese. - Identificación de palabras clave. - Distinción entre ideas principais e secundarias. - Realizar pequenas presentacións en PowerPoint sobre algúns aspectos do currículo.
Competencia social e cidadá	<ul style="list-style-type: none"> • Variabilidade temporal e social. • Participación dos cidadáns na vida pública. • Delimitación dos dereitos e deberes de individuos e colectividade. <ul style="list-style-type: none"> - O dereito romano. - A relixión. Situación da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento das institucións e modo vida gregos e romanos . - Respeto das minorías. - Reacción e actitude crítica ante as desigualdades de calquer tipo - Fomento da valoración positiva da participación cidadá. - Negociación e normas iguais para todos como instrumento de resolución de conflitos.
Competencia cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecemento do mundo clásico. • Coñecemento da arte grega e romana. • Coñecemento dos tipos de edificios representativos gregos e romanos. Coñecemento do patrimonio grego e romano en España e Europa. • Coñecemento da literatura, pensamento e ciencia no mundo clásico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aprecio e disfrute da arte. - A arte como testemuña da historia. - Implicación na conservación do patrimonio.
Aprender a aprender	<ul style="list-style-type: none"> • Organizar a aprendizaxe de tódolos contidos da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> - Memorización de aspectos relevantes. - Realización de esquemas e valoración persoal. - Aplicar razoamentos de diferente tipo.
Autonomía e iniciativa persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Planificación e avaliación de distintas posibilidades. • Toma de decisións. Aceptar os erros, buscar a forma de correxilos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Traballo individual e colectivo. - Posta en común de resultados. - Comprobar posibilidades de mellora. - Afán de superación.

18 PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE.

Faceráse unha reflexión sobre o proxecto didáctico para constatar o grao de validez do proxecto e dos instrumentos utilizados.

PLAN DE AVALIACIÓN:

Una vez iniciado o curso, o Departamento realizará unha avaliación **mensual** da programación. Na medida do posible, actuaremos sobre as deficiencias detectadas buscando instrumentos para facer as correccións, cambios ou **melloras no noso proxecto didáctico**.

Esta valoración quedará rexistrada nun documento, que figura no apartado de **Anexos** da presente Programación.

1. OBXECTO.

- Establecer mecanismos de coordinación entre o profesorado , si é necesario.
- Facilitar a labor de profesorado sustituto, no seu caso .
- Facilitar a labor da Xefatura de Departamento.
- Facilitar a labor da Xefatura de Estudos con información obxectiva e actualizada da actividade do Departamento

2. INDICADORES

Comprobaremos que:

- A selección e secuenciación dos contidos é operativa.
- A forma de presentar os obxectivos é suficientemente clara e eficaz
- As Actividades e estratexias están en funcion das características do alumnado.
- Os recursos didácticos son variados, motivadores e asequibles.
- Os criterios de avaliación responden de maneira equilibrada aos diferentes contidos.
- Se toman en conta os distintos ritmos de aprendizaxe.

3. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA.

- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (BOE de 4 de mayo).
- Programación Xeral Anual: Obxectivos xerais. Proxecto Educativo de Centro: Regulamento de Réximen Interior.
- Real Decreto 83/1996, de 26 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria. (BOE de 21 de febreiro).

4. RESPONSABILIDADES.

Da Xefatura de Departamento:

- Elaborar o formato do documento a utilizar e, no seu caso, facilitalo aos profesores do departamento.
- Facer constar o seguemento desta avaliación nas Actas de Departamento.
- Elaborar o Resúmen anual do cumprimento da programación e porcentaxes sobre o programado.
- Facilitar á Xefatura de Estudos os documentos relacionados.
- Incluir na Programación de Departamento os cambios e adaptacións acordadas.

Do Profesorado:

- Realizar o seguemento mensual da programación .

ANEXOS

ANEXO I

Documento de Seguemento mensual. (profesorado)

Seguemento mensual da Programación Didáctica	Mes
	Data:

ENSEÑANZA: ESO/BACHILLERATO/
ÁREA/ÁMBITO/ASIGNATURA:

CURSO:
PROFESOR/A:

Unidades Programadas	Apartados das unidades programadas	Apartados impartidos
Primeiro Trimestre		
Segundo Trimestre		
Terceiro Trimestre		

1. Instrumentos de avaliación: Número de exámes escritos, traballos, notas de clase etc.
2. Resultados:
3. Dificultades: ambiente de traballo, carencia de medios, factores externos, imprevistos etc.
4. Aspectos mellorables.

Santiago, a __ de _____ de 20__

ANEXO II

Documento para Resumen Mensual.(Departamento)

DEPARTAMENTO DE:

MES:

1. Informe do departamento.
 - a. Cal é o grao de cumprimento da programación?
 - b. Informe dos resultados alcanzados:
 - c. No seu caso, información do Plan de Atención á Diversidade e avaliación do mesmo.
 - d. Dificultades encontradas
 - e. Propostas de mellora e, no seu caso, plans de acción.

Santiago, a __ de _____ de 20__

Asdo.O/A Xefe de Departamento

ANEXO III

Documento de Resumen Anual do Departamento

DEPARTAMENTO:		CURSO:		
Materias impartidas polo Departamento	Nº Unidades programadas	Nº Unidades impartidas	%	
Media total do Departamento (= suma porcentaxes unidades)			MT =	

Santiago, a __ de _____ de 20__

Asdo.O/A Xefe de Departamento

ANEXO IV

PROGRAMACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

MATERIA		
U.DIDÁCTICA		

HORAS	SEMANAS
--------------	----------------

OBXECTIVOS XERAIS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

SECUENCIA DE ACTIVIDADES	XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE

CONTIDOS

RECURSOS

Fin da Programación Didáctica de Grego e Cultura Clásica 2016/2017
Santiago de Compostela, 15 de Setembro do 2016

Asdo.O/A Xefe de Departamento